



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO


Setembro 2024

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2024

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de comercio polo miúdo (ICM). Setembro 2024

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes rexistrou en Galicia en setembro de 2024 con respecto ao mesmo período do ano anterior unha taxa do -0,1% e no conxunto de España do 1,7%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación diminúen un 1,1% e no Resto de produtos un 0,3%.
- As vendas minoristas aumentan en todas as comunidades autónomas agás Asturias, Extremadura e Galicia.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un decrecemento do 1,1% en Galicia no mes de setembro de 2024 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España medra un 0,9%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do -0,5% en Galicia e do 1,7% no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en catorce comunidades autónomas no mes de setembro.




## 1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes rexistra unha taxa do -0,1% en Galicia en setembro de 2024 con respecto ao mesmo período do ano anterior e do 1,7% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo diminúe un 0,9% en Galicia e medra un 1,1% en España respecto a setembro de 2023. Desagregando por produtos:

- A Alimentación diminúe a facturación un 1,1% en Galicia e un 0,5% no conxunto de España.
- O Resto de produtos diminúe un 0,3% en Galicia e medra un 3,1% no conxunto do Estado.



Nos nove primeiros meses do ano, as vendas minoristas aumentan un 1,2% en Galicia e un 1,6% en España. Rexístrase un incremento das vendas tanto en Alimentación (1,4% en Galicia e 1,3% en España) como no Resto de produtos (1,3% en Galicia e 2,8% en España).

## 2. Índices por comunidades autónomas


As vendas aumentan en todas as comunidades autónomas agás Asturias, Extremadura e Galicia. As comunidades con maiores incrementos son País Vasco (3,6%), Canarias (3,3%) e

Comunitat Valenciana (3,3%). As comunidades nas que diminúen as vendas son Asturias (-1%), Extremadura (-0,9%) e Galicia (-0,1%).

No que vai de ano, o índice aumenta en todas as comunidades autónomas agás en Madrid (-1,3%) e Illes Balears (-0,1%). As taxas máis altas preséntanse en Canarias (4,7%), Cantabria (3,5%) e Andalucía (3,2%).

### Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Setembro 2024

#### Taxas de variación en %



### 3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes diminúe un 1,1% en Galicia no mes de setembro de 2024, e aumenta un 0,9% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 0,2% en Galicia e do 2,2% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 1% e no Resto de produtos diminúen un 0,5%. No conxunto do Estado, rexístrase un incremento do 1,7% nas vendas en Alimentación e do 2,6% no Resto de produtos.

Nos nove primeiros meses do ano, o índice medra un 3,4% en Galicia e un 3,8% en España. As vendas en Alimentación aumentan un 5,8% en Galicia, máis que en España (5,5%). As vendas no Resto de produtos crecen máis en España (3,1%) que en Galicia (2%).

#### **4. Índice de ocupación**

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do -0,5% no mes de setembro en Galicia e do 1,7% no conxunto do Estado.


No que vai do ano, a ocupación mantense sen cambios en Galicia e en España aumenta o 1,9%.

#### **5. Índices de ocupación por comunidades autónomas**

A ocupación no comercio minorista aumenta en setembro en catorce comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Canarias (4,5%) e Illes Balears (3,2%). As comunidades con diminución do persoal ocupado son Asturias (-1%), Galicia (-0,5%) e Extremadura (-0,5%).

## Índice xeral de ocupación. Setembro 2024

### Taxas de variación en %



Nos acumulado do ano, a ocupación aumenta en catorce comunidades autónomas. Madrid (4,7%) e Canarias (3,2%) rexistran os maiores incrementos. Perden persoal ocupado La Rioja (-0,8%) e Extremadura (-0,8%).

## Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2021 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes, nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco sen IVE.
- Índice Resto: IPC xeral sen IVE sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o deflactor.

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Setembro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	117,9	-1,1	3,4	100,2	-0,1	1,2
Xeral sen estacións de servizo	116,7	0,2	3,7	98,0	-0,9	0,9
Alimentación	117,0	1,0	5,8	91,4	-1,1	1,4
Resto	116,6	-0,5	2,0	107,1	-0,3	1,3
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	123,3	0,9	3,8	104,4	1,7	1,6
Xeral sen estacións de servizo	123,1	2,2	4,2	103,1	1,1	1,6
Alimentación	127,9	1,7	5,5	99,7	-0,5	1,3
Resto	119,3	2,6	3,1	110,7	3,1	2,8

Fonte: INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Setembro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	121,9	1,6	3,2	102,6	2,8	0,9
Xeral sen estacións de servizo	122,3	3,3	3,3	101,2	2,2	0,6
Alimentación	123,8	5,0	5,5	96,1	2,5	1,0
Resto	120,1	1,3	1,8	108,9	1,9	1,1
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	129,0	3,4	3,6	108,1	4,1	1,4
Xeral sen estacións de servizo	129,3	4,6	4,0	107,0	3,6	1,4
Alimentación	131,8	4,6	5,3	102,5	3,3	0,9
Resto	126,7	4,4	3,0	115,9	4,8	2,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE



Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Setembro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>123,3</b>	<b>0,9</b>	<b>3,8</b>	<b>104,4</b>	<b>1,7</b>	<b>1,6</b>
Andalucía	124,1	0,6	5,3	105,1	1,6	3,2
Aragón	118,0	1,1	4,1	99,4	1,9	1,8
Asturias	116,4	-1,1	2,9	98,5	-1,0	0,9
Balears, Illes	151,1	2,3	2,1	127,9	2,9	-0,1
Canarias	132,5	2,9	6,9	112,7	3,3	4,7
Cantabria	122,6	1,5	5,5	104,1	2,9	3,5
Castilla y León	118,0	-0,7	2,8	99,0	0,4	0,7
Castilla-La Mancha	120,3	-0,7	4,3	100,1	0,4	2,0
Cataluña	121,1	0,5	4,1	102,7	1,2	1,7
Comunitat Valenciana	127,9	2,3	4,9	108,7	3,3	2,9
Extremadura	114,9	-1,5	2,6	96,9	-0,9	0,4
<b>GALICIA</b>	<b>117,9</b>	<b>-1,1</b>	<b>3,4</b>	<b>100,2</b>	<b>-0,1</b>	<b>1,2</b>
Madrid	123,5	0,5	0,8	105,1	1,4	-1,3
Murcia, Región de	118,4	0,9	3,1	100,0	2,0	1,1
Navarra	119,1	0,5	5,0	100,2	1,1	2,5
País Vasco	118,6	3,8	4,9	99,7	3,6	2,2
Rioja, La	117,7	1,5	4,1	99,3	2,2	1,6
Ceuta	121,2	0,3	3,5	101,9	0,4	0,6
Melilla	110,1	0,9	4,3	93,2	2,9	2,8

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Setembro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	104,6	-0,5	0,0
Xeral sen estacións de servizo	104,2	-0,6	-0,1
<b>España</b>			
Xeral	106,8	1,7	1,9
Xeral sen estacións de servizo	106,7	1,7	1,9

Fonte: INE

**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Setembro 2024**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>106,8</b>	<b>1,7</b>	<b>1,9</b>
Andalucía	109,2	2,8	2,9
Aragón	102,4	2,2	0,5
Asturias	98,5	-1,0	0,3
Baleares, Illes	120,9	3,2	2,9
Canarias	112,1	4,5	3,2
Cantabria	104,4	0,5	0,3
Castilla y León	103,8	0,8	0,8
Castilla-La Mancha	108,1	2,1	2,0
Cataluña	104,4	0,5	0,6
Comunitat Valenciana	106,3	0,7	1,1
Extremadura	103,6	-0,5	-0,8
<b>GALICIA</b>	<b>104,6</b>	<b>-0,5</b>	<b>0,0</b>
Madrid	109,1	3,1	4,7
Murcia	100,7	0,6	0,6
Navarra	103,9	2,0	1,1
País Vasco	105,0	1,4	0,6
Rioja, La	102,7	0,3	-0,8
Ceuta	99,6	-0,8	-0,1
Melilla	101,1	-0,7	-0,7

Fonte: INE